Dende o punto de vista económico, a contratación directa de persoal polo dispositivo público de prevención e defensa contra incendios forestais é máis económico que calquera das outras empresas que veñen participando nas tarefas de extinción nos derradeiros anos (Tragasa, Seaga, Natutecnia...). O prezo por hora, unha vez contabilizado vehículo máis equipo de protección individual é, no caso do SPDDCIF de 18,28€, por contra, pola empresa SEAGA ascende a 19,44€, e por Tragsa aumenta a cantidade de 22,56€ .

Tanto por argumentos técnicos coma por económicos non ten sentido manter o actual modelo, para o cal propomos, tal e como detallamos anteriormente, o retorno ao modelo baseado nun SPDCIF forte onde se incentive a formación ao persoal e se procure unha estabilidade laboral para garantir un traballo digno, e así volver a ser o servizo de referencia dentro do estado.

A precariedade laboral á que están sometidos os traballadores e traballadoras contratados, cos tempos e modalidades existentes neste momento, aumenta co simple paso do tempo. É escandaloso que a propia Administración pública fomente estes contratos escravos e miserentos, non garantindo o básico para poder manter unhas condicións de vida digna. Logo de catro anos dende a derradeira modificación da RPT da Consellería o persoal empregado recibe un salario inferior ó 75% do SMI, feito que a Administración autonómica galega non debería permitir máis aló de situacións sumamente excepcionais, caso que consideramos no é o que agora nos ocupa.

Cremos que as condicións que deron lugar a esta modificación da RPT mudaron e non ten sentido manter máis temo estes contratos precarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 13:00
Nº Rexistro: 27472
Data envio: 07/03/2018 13:00:03.646

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a que proceda á modificación da actual Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural, no senso de que a duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) se incremente sobre os 3 meses actuais, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras, persoal laboral fixo descontinuo, ampliando a súa relación contractual a un total de nove meses.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez, Ado.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araujo, Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 07/03/2018 12:50:57

Paula Quinteiro Araújo na data 07/03/2018 12:51:06

Luis Villares Naveira na data 07/03/2018 12:51:28

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27478
Data envio: 07/03/2018 16:13:48.078

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, José Manuel Pérez Seco** e **Abel Losada Álvarez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno.**

Exposición de motivos

Nos últimos anos, o Camiño Portugués a Compostela ten incrementado notablemente o número de peregrinos que pasan pola cidade de Pontevedra, facendo desta infraestrutura un motor fundamental para o noso desenvolvemento turístico, cultural e económico.

No ano 2017 chegaron a Pontevedra 67 000 peregrinos e 14 000 fixeron uso do actual albergue público. Cifras que se incrementan cada ano e que, segundo todas as previsións, seguirán a incrementarse de xeito moi importante ata o vindeiro Xacobeo, no ano 2021. Estes datos amosan tamén dúas das principais carencias que Pontevedra ten en relación coas oportunidades de xeración de emprego e riqueza que ofrece o Camiño Portugués:

1. Incrementar o número de pernoctacións na cidade, pois só paran no albergue o 21 % dos peregrinos.
2. Ofertar un maior número de prazas deste tipo, pois as 56 camas que ofrece o actual albergue resultan claramente insuficientes. De feito, entre abril e outubro esta instalación está sempre chea, obrigando a rexeitar a multitude de persoas que inicialmente tiñan pensado facer noite na cidade e no verán se lles ofrezan como alternativa as instalacións do CEIP A Xunqueira I, que obviamente non reúnen as máis mínimas condicións de confort.
3. Sobrepasar a situación do actual albergue no entorno da estación de ferrocarril, un tanto afastado e situado á entrada da cidade.

No Concello de Pontevedra, co apoio da maioría de grupos da Corporación Municipal, aprobáronse nos últimos anos importantes

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27478
Data envio: 07/03/2018 16:13:48.078

obras de mellora urbana na traza do Camiño Portugués a Compostela, nomeadamente na Ponte do Burgo, proximamente peonalizada e rehabilitada grazas aos fondos DUSI da Unión Europea. Dentro deste proxecto de rehabilitación da ponte crearase unha praza pública na súa cabeceira Norte e adquiriranse as tres vivendas que nela se localizan, coa intención de conservalas e rehabilitalas nunha futura actuación, para destinalas a unha fin de uso público aínda non concretada. Este grupo parlamentario pensa que destinar esas tres vivendas a acoller o novo albergue de peregrinos sería unha opción razoable e viable.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a colaborar no financiamento necesario para a súa rehabilitación e posta en funcionamento como albergue de peregrinos, antes do Xacobeo 2021, das tres vivendas situadas na cabeceira Norte da Ponte do Burgo, entre esta e a rúa Xoán Manuel Pintos, tendo en conta en todo momento as necesidades de uso e suxestións indicadas pola "Asociación de Amigos do Camiño Portugués".

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/03/2018 16:06:16

María Luisa Pierres López na data 07/03/2018 16:06:28

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27478
Data envio: 07/03/2018 16:13:48.078

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/03/2018 16:06:33

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/03/2018 16:06:39

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/03/2018 16:06:47

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:48
Nº Rexistro: 27484
Data envio: 07/03/2018 16:48:08.332

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seu deputado **Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate en Pleno,** relativa á reversión ao público de concesións de centrais hidráulicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os principais investimentos en aproveitamentos hidroeléctricos en España e en Galicia realizáronse ao longo do século XX. Hoxe estes son xa un sistema totalmente consolidado e efectivo de xeración de enerxía renovable. Esta enerxía representa, segundo os datos de Rede Eléctrica de España, un 20% da potencia instalada. Practicamente todos os investimentos realizados en aproveitamentos hidroeléctricos responden ao modelo «investimento-concesión». Así, a cambio do investimento privado outórgase aos promotores unha concesión de augas cunha duración de entre 50 e 75 anos. Ao finalizar este prazo, as instalacións deben reverter ao Estado. Esta particularidade confírelle á produción de enerxía hidroeléctrica un dobre carácter, esencialmente público. Por unha banda, a orixe da enerxía está na auga, que é un ben de dominio público. Xunto a iso, as instalacións teñen como fin último a reversión ao patrimonio público da Administración.

O modelo de investimento-concesión segue vixente para novos proxectos hidroeléctricos, como os denominados «saltos reversibles», nos que as empresas deben concentrar agora os seus proxectos de investimento. Outra das características da enerxía hidroeléctrica, é que xeralmente a súa produción xérase

en zonas deprimidas de montaña, rurais e inmersas nun proceso de despoboamento. E con todo a importante riqueza que se xera non repercute significativamente no territorio, un territorio obrigado a soportar as consecuencias que este tipo de infraestruturas traen consigo. Así, o asumir certas servidumes ou o risco potencial que levan algunhas instalacións non se traduce na reversión "tan necesaria" nestas zonas. Hoxe os prazos daquelas primeiras concesións están a finalizar. Pero obsérvanse disfuncións administrativas no proceso de reversión. Ademais xurdiu a demanda social de reverter ao interese público os beneficios que van volver ao Estado, e a necesidade de que estes xoguen un papel crave na transición enerxética e no desenvolvemento dos territorios que ven afectados os encoros.

En canto ás disfuncións administrativas cabe destacar a falta de dilixencia na tramitación dos expedientes de reversión. A primeira reversión dun salto hidroeléctrico en España non se produciu ata 2013 e chegou con atraso respecto da data de finalización do prazo de concesión. Están a darse casos nos que o Ministerio tarda dezaoito meses en tramitar a caducidade dos expedientes de reversión e deixa sen ditar a resolución final do procedemento. Esta falta de dilixencia permite que o concesionario siga explotando o salto hidroeléctrico e obtendo ingresos millonarios máis aló do prazo que lle outorga a concesión. Tamén debe destacarse a falta de políticas públicas unha vez se alcance a reversión do salto. Este queda baixo a xestión provisional do organismo de conca correspondente, pendente dun contrato de servizos ou concurso público de explotación. O modelo investimento-concesión xa non se adapta a estes saltos revertidos. Estes, que deben devolverse polo concesionario en adecuadas condicións de funcionamento, requirirán unha xestión técnica para a que se debería ir preparando a Administración pública sendo ademais os beneficios de titularidade pública revertidos nas zonas afectadas. De feito actualmente xa existen exemplos deste modelo de xestión a nivel estatal, autonómico e local. Ademais, tras diversas sentenzas condenatorias a empresas xestoras de centrais

hidroeléctricas pola manipulación da poxa eléctrica, faise necesario incluír nos pregos das concesións o cumprimento de consígnalas no operador do sistema para evitar os devanditos abusos e permitir unha maior penetración de enerxías renovables.

O tema clave é a falta de políticas na reversión de saltos. É necesario o deseño dunha política xeral de ámbito territorial en relación cos beneficios que xera un ben de dominio público como é a auga. Unha política que debe enfocarse a medio prazo, xa que os procesos de reversión de centrais sucederanse de forma progresiva durante as próximas décadas. Os destinatarios dos beneficios que xeran estas políticas de reversión deben ser os cidadáns, en primeiro termo, para a restitución económica e social dos territorios afectados polas instalacións hidroeléctricas. Deben contemplarse fins de utilidade pública ou interese social xeneral que melloren o benestar dos cidadáns en todos os ámbitos: social, cultural e de economía sustentable.

E non menos importantes son as cuestións ambientais que xorden na reversión, desde saltos que xa non son rendibles e son abandonados nos nosos ríos ata a necesaria adaptación dos saltos a novos caudais ecolóxicos.

No caso de Galicia desde hai décadas as compañías privadas xestionan en Galicia 148 centrais hidroeléctricas. Fano baixo o réxime de concesións, que empezaron xa a caducar nalgúns casos. Nos próximos dez anos o prazo de permiso para explotar os ríos galegos terminarase en 15 saltos de auga, e en 4 deles xa o fixo recentemente. Pero nin a Xunta nin o Goberno central se plantexan, de momento, xestionar publicamente estas centrais para que os seus beneficios revertan na sociedade.

En Galicia dúas confederacións hidrográficas, a do Miño-Sil, dependente do Goberno central, e a de Galicia-Costa, da Xunta, son os organismos responsables

das concas da comunidade. Ambas non se manifestan sobre os seus plans futuros para os saltos aos que lles vaia caducando a concesión.

O primeiro a tramitar é o prazo de extinción da concesión. As seguintes tramitacións deberían estar xa realizadas ou en proceso:

Na Confederación do Miño-Sil: a central minihidráulica de Enviande (río Enviande); A central De Castro Caldelas (río Edo); A central de Castadón Hervidoiro (río Loña); a central de Vilachán (río Vilachán) e a central de Cabo (río Deva).

Na de Galicia-Costa: as de AH Fervenzas (río Vexo), CH Gümil (río Lambre) e CH Castelá (río Mandeo).

A lexislación obriga a realizar durante este trámite un informe para determinar se as instalacións seguen sendo viables e poderían continuar aproveitándose.

As 15 concesións que caducaron ou o farán nos próximos 10 anos en Galicia son minicentrais. Non é o caso da central de Os Peares con concesión desde o ano 1910 que xa debería ser revertida á propiedade pública, pero en 2009 o Goberno do partido socialista decidiu blindar a Gas Natural Fenosa para que puidese seguir explotando ata 2059 esta central.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Que os expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos en Galicia-Costa se tramiten sen atrasos e sen caducidades por parte de Augas de Galicia e outros organismos con competencias.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:48
Nº Rexistro: 27484
Data envio: 07/03/2018 16:48:08.332

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2.- Facer as xestións necesarias ante o Goberno do Estado para que os expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos na Confederación Miño-Sil se tramiten sen atrasos e sen caducidades.

3.- Que unha vez revertidos os saltos hidroeléctricos, a súa xestión pase a ser de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con criterios de vertebración territorial, e os beneficios sexan a favor de municipios e da comunidade autónoma de Galicia.

4.- Facer as xestións necesarias ante o Goberno do Estado para incrementar os controis que eviten que os saltos hidroeléctricos sexan utilizados co fin de provocar alzas do prezo da enerxía eléctrica, como sucedeu por parte de empresas de xeración eléctrica, de acordo a expedientes sancionadores emitidos pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, e que foi obxecto de investigación xudicial tras denuncia da Fiscalía Anticorrupción.

5.- Facer as xestións necesarias ante o Goberno do Estado para que os saltos hidroeléctricos revertidos deban adaptarse aos novos caudais ecolóxicos que establecen os plans hidrolóxicos.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:48
Nº Rexistro: 27484
Data envio: 07/03/2018 16:48:08.332

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/03/2018 16:44:57

Luis Villares Naveira na data 07/03/2018 16:45:07

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 11:25
Nº Rexistro: 27553
Data envio: 08/03/2018 11:25:31.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Pleno**, sobre a praza de pediatría do centro de saúde de Escairón, no Concello do Saviñao, e as medidas que debe adoptar a Xunta para garantir a prestación do servizo.

A profesional que cubre o servizo de pediatría no Concello do Saviñao está de baixa e previsibelmente non se reincorporará ao seu posto de traballo até finais de 2018. Malia que esta profesional atende, ademais de Escairón, en distintos días da semana, as crianzas doutros concellos: Quiroga, A Pobra do Brollón e Bóveda; a Consellaría non a substituirá obrigando as familias a se desprazar até Monforte para ser atendidas.

Unha situación que non é exclusiva destes concellos e que se produce de maneira habitual no noso país.

Por todo o exposto formúlase a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

87841

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 11:25
Nº Rexistro: 27553
Data envio: 08/03/2018 11:25:31.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

"O Parlamento insta a Xunta de Galiza a cubrir de maneira inmediata a praza de pediatría no centro de saúde do Saviñao."

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 11:20:43

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 11:20:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 11:20:53

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 11:25
Nº Rexistro: 27553
Data envio: 08/03/2018 11:25:31.268

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 11:20:55

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 11:20:57

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 11:21:09

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:37
Nº Rexistro: 27563
Data envio: 08/03/2018 12:37:37.872

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Montserrat Prado Cores**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG nº 5 de 8 de xaneiro de 2018 publícase a ORDE do 12 de decembro de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para accións silvícolas de prevención dos danos causados ós bosques por incendios e desastres naturais e para o incremento da capacidade de adaptación e do valor ambiental dos ecosistemas forestais, para o ano 2018, cofinanciadas polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020

Na convocatoria establécese a esixencia para tódolos solicitantes de tramitar telematicamente a documentación relativa as ditas axudas, mesmo ás persoas físicas.

Durante varios días acusáronse graves deficiencias na plataforma da Sede Electrónica da Xunta de Galicia que impediron presentar solicitudes, entre elas as axudas citadas no encabezamento desta iniciativa.

O prazo remataba o luns 19 e o venres 16 ás 16.38 persistía o problema. Parece ser que cambiaron a configuración porque están remodelando a Sede. O caso é que estes fallos na comunicación van en detrimento dos dereitos das persoas físicas e das diversas asociacións e organizacións usuarias obrigadas da mesma.

87844

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:37
Nº Rexistro: 27563
Data envio: 08/03/2018 12:37:37.872

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outro lado, na Orde citada a Consellería conculca a legalidade do procedemento administrativo, que exclúe ós particulares de face-las solicitudes telematicamente, ó obrigalos a facelo por este vieiro.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

-Poñer a disposición nas oficinas agrarias de persoal suficiente que entre as súas funcións poida axudar na tramitación destas axudas

-Excluír da obrigatoriedade telemática ás persoas físicas."

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

87845

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:37
Nº Rexistro: 27563
Data envio: 08/03/2018 12:37:37.872

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 12:35:52

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 12:35:58

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 12:36:00

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 12:36:05

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 12:36:07

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 12:36:08

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:50
Nº Rexistro: 27568
Data envio: 08/03/2018 12:50:42.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativa ás actuacións que ten levado o goberno galego para corrixir as deficiencias nas actividades do Igape sinaladas polo Consello de Contas na súa fiscalización.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017 coñecemos os resultados da fiscalización que realizou o Consello de Contas ao Igape a través do "Informe do Igape, en particular das axudas en forma de aval. Exercicios 2011-2013". Neste estudo, o Consello detectou numerosas deficiencias tanto na súa estrutura como na súa actuación. Cómpre recordar que o Igape debera ter un papel fundamental de estímulo económico e que, nos anos sinalados, debera ter actuado como dinamizador económico en período de crise.

Ao longo do estudo, o Informe sinala, entre outras cousas, que o incremento das operacións financeiras por parte do Igape non veu acompañado dunha modificación da súa estrutura organizativa para adaptala ao crecente peso destas novas modalidades de axuda concentrando nunha única unidade a xestión

87847

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:50
Nº Rexistro: 27568
Data envio: 08/03/2018 12:50:42.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos préstamos e avais. Ademais, esta unidade contaba cunha porcentaxe escasa dos recursos humanos do ente e todo isto non axudou a aliviar as perdas xeradas.

Así mesmo, o informe detalla tamén deficiencias no que ten a ver cos préstamos e a súa alta morosidade e no que atinxe aos avais así como sobre o risco vivo por avais financeiros, que a 31 de decembro do 2015 ascendía a 115 millóns, estando o 47% dese importe (55 millóns de euros) en risco de resultar falido, ben por ter sido reclamado o seu pagamento polas entidades financeiras ben por existir un alto risco de reclamación.O Informe detalla tamén numerosas deficiencias na xestión do Instituto nomeadamente no que ten a ver coa concesión de avais.

Diante destas deficiencias, o Consello de Conta propón no informe unha serie de recomendacións de cara a corrixilas, como pode ser a adopción dunha nova regulación en materia de avais, unha avaliación máis precisa do risco que se asume coas operacións que se van garantir, esixir o pagamento das comisións con carácter anticipado e dunha soa vez, no momento da formalización dos avais, etc.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a demandar do Igape un informe no que se detalle que recomendacións realizadas polo Consello de Contas coa finalidade de corrixir as deficiencias sinaladas foron adoptadas e que tipo de adecuacións da estrutura organizativa levaron a cabo para se

87848

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:50
Nº Rexistro: 27568
Data envio: 08/03/2018 12:50:42.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

adaptaren ás novas modalidades de axuda, incluíndo unha xustificación así como unha programación daquelas que están pendentes de aplicación.”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 12:48:44

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 12:48:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 12:48:53

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 12:50
Nº Rexistro: 27568
Data envio: 08/03/2018 12:50:42.197

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 12:48:56

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 12:48:57

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 12:49:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 13:53
Nº Rexistro: 27585
Data envio: 08/03/2018 13:53:16.789

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na cidade de Ourense traballa a Asociación Autismo Ourense, que foi constituída segundo a información pública dispoñíbel xa no ano 1999 como asociación sen ánimo de lucro por familias de persoas con TEA (Trastorno do Espectro do Autismo) e declara da de utilidade pública polo Ministerio do Interior no ano 2003. Ao longo deste tempo ten atendido a numerosas persoas de Ourense e dos seus arredores e recibido tanto doazóns como achegas de institucións a través de subvencións, tanto da Xunta de Galiza como da Deputación de Ourense, o Concello de Ourense e o propio goberno central así como varios programas europeos.

Sen dúbida, as entidades e ONG´s do terceiro sector son un elemento fundamental para a cohesión social e a atención a situacións de diferente tipo canda os propios servizos públicos. Sen prexuízo do mantemento, promoción e extensión dos servizos sociais de carácter público, débese manter a coordinación e colaboración co terceiro sector de acción social na extensión de políticas de benestar e na participación do seu deseño. Neste camiño, o papel da Xunta de Galiza á hora de axudar a manter o papel que cumpren determinadas asociacións e colectivos, especialmente alá onde os

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 13:53
Nº Rexistro: 27585
Data envio: 08/03/2018 13:53:16.789

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizos públicos non chegan, é moi importante. Para isto, a Xunta de Galiza ten estabelecido diferentes convenios e subvencións.

Recentemente o BNG coñeceu a través de diferentes novas a denuncia de pais e nais de crianzas que acudían aos servizos que desenvolve Autismo Ourense que daba conta dunha hipótese de peche así como da suba de prezos. Contactados os pais e nais comunicaban que a dirección desta asociación informaba de que, diante da minoración da contía de subvención que recibira por parte da Xunta de Galiza, se vían obrigados a subir os prezos. Así as cousas, o pasado 26 de febreiro recibiron por escrito unha comunicación de que se manterían os servizos e os prezos até o 31 de xullo e de que a partir do 1 de setembro se incrementarían de 150€ a 300€ ao mes para dúas sesións semanais de atención temperá e de 84€ a 150€ ao mes para unha sesión semanal. Como pode observarse, é un incremento importante. Se ben a demora neste incremento permite ás familias planificar que tipo de actuacións tomar, non é menos certo que pode supoñer unha dificultade importante para moitas delas. Cómpre ter en conta, que malia teren moitos deles as axudas á dependencia recoñecidas, os gastos nos que teñen que incorrer son de diferente índole. Máis aínda, cómpre ter en conta que nos trastornos do neurodesenvolvemento é importante a estabilidade na atención e que moitas destas familias, se teñen que mudar as e os profesionais que atenden ás crianzas, experimentarán unha alteración importante.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento Galego acorda instar á Xunta de Galiza a exercer de intermediaria con Autismo Ourense e o colectivo de pais e nais de crianzas con TEA de

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 13:53
Nº Rexistro: 27585
Data envio: 08/03/2018 13:53:16.789

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cara a buscar unha solución que garanta o atendemento dos servizos que até o momento desenvolve a asociación cun prezo que permita a súa continuidade e a accesibilidade a estes servizos por parte das familias."

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 13:45:55

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 13:46:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 13:46:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 13:53
Nº Rexistro: 27585
Data envio: 08/03/2018 13:53:16.789

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 13:46:06

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 13:46:08

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 13:46:13

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:58
Nº Rexistro: 27598
Data envio: 08/03/2018 17:58:01.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. O Pazo de Meirás representa como ningún outro espazo o enriquecemento da familia Franco como consecuencia do expolio, o roubo, a extorsión e a rapina exercida durante décadas por unha Ditadura cruel e sanguinaria.

A investigación realizada polos investigadores Carlos Babío Urquidi e Manuel Pérez Lorenzo, así como os informes histórico e xurídico encargados pola Deputación da Coruña a instancias da "Xunta ProDevolución do Pazo" demostran de maneira contundente que o Pazo ou Torres de Meirás deberían formar parte do patrimonio público.

Do estudo da documentación sobre o proceso de apropiación das Torres ou Pazo de Meirás dedúcese que este ben foi adquirido nun contexto de falta de liberdade, de coaccións e de terror, destinando a tal fin recursos públicos achegados por diversas administracións. Está tamén acreditado que foi doado ao

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:58
Nº Rexistro: 27598
Data envio: 08/03/2018 17:58:01.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ditador Francisco Franco na súa condición de Xefe do Estado e que tivo uso continuado como lugar de reunións do consello de ministros e audiencias oficiais. Tamén está demostrado que logo da doazón inicial do ano 1938, no 1941 produciuse o rexistro dunha escritura de compravenda do predio denominado "Torres de Meirás" a favor de Francisco Franco.

Tal como se constata no informe xurídico encargado pola Deputación da Coruña:

"Todo parece indicar que a escritura pública de compravenda das "Torres de Meirás", outorgada o 24 de maio de 1941 é un contrato sen causa, un contrato simulado por cuxo medio quen xa non era lexítimo propietario da devandita finca finxiu a existencia dunha nova compravenda en que o comprador, que aparece nese acto representado, o fixo a título exclusivaente particular. En consecuencia, atopámonos diante dnha venda efectuada por quen non era propietario e diante dunha compra realizada por quen, a título de Xefe de Estado, xa aceptara o ben mediante unha doazón previa. E todo isto artellado coa finalidade de eludir a incorporación do ben obxecto da compravenda ao Patrimonio Nacional, incorporándoo así ao patrimonio particular".

2. Máis alá da operación inicial de entrega das Torres, construcións anexas e predio de 5 hectáreas, ao longo dos anos seguintes as administracións públicas destinaron grandes cantidades de recursos á adquisición de propiedades colindantes e á realización de obras de ampliación, reforma e mellora do Pazo e doutros edificios. Como consecuencia de todas estas operacións dirixidas desde a administración do Estado, a propiedade pasou das 5 hectáreas ás máis de 9 que

87856

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:58
Nº Rexistro: 27598
Data envio: 08/03/2018 17:58:01.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ten na actualidade. En paralelo, está constatada a apropiación por parte da familia Franco doutras propiedades e de bens culturais e artísticos, como é o caso da Casa Cornide ou as esculturas de Abraham e Isaac.

Mesmo empregando a lóxica e a pseudolexitimidade da Ditadura franquista, está sobradamente demostrado e acreditado que todos estes bens foron financiados e adquiridos con diñeiro, medios e decisións das administracións públicas, polo que deberían formar parte do patrimonio público e non da familia do Ditador.

3. Logo de 40 anos de Ditadura e outros 40 dun rexime que se di democrático, a realidade é que a familia Franco segue gozando de numerosos bens, títulos e privilexios. Entre eles destaca polo seu simbolismo o Pazo ou Torres de Meirás, declarado Ben de Interese Cultural polo goberno da Xunta no ano 2008. Esta anomalía histórica, impensábel en calquera rexime democrático europeo, aínda é máis ofensiva polo feito de que este espazo está a ser utilizado pola familia e pola Fundación que leva o nome do Ditador para facer apoloxía da Ditadura, do xenocidio e da figura de Francisco Franco.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

"O Parlamento de Galiza acorda como resolución declarar que o Pazo ou Torres de Meirás, a Casa Cornide e as esculturas de Abraham e Isaac, actualmente en posesión da familia Franco, son resultado dun roubo e dun

87857

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:58
Nº Rexistro: 27598
Data envio: 08/03/2018 17:58:01.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

expolio perpetrado durante a Ditadura franquista, destinando a tal fin medios e recursos públicos.

O Parlamento galego, en consecuencia, insta á Xunta de Galiza a que desenvolva as accións encamiñadas á recuperación do Pazo de Meirás para o patrimonio público e á súa conversión en espazo da memoria histórica democrática antifranquista galega.”

Santiago de Compostela, 8 de marzo de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

87858

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 17:58
Nº Rexistro: 27598
Data envio: 08/03/2018 17:58:01.553

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 08/03/2018 17:57:10

María Montserrat Prado Cores na data 08/03/2018 17:57:16

Xose Luis Rivas Cruz na data 08/03/2018 17:57:18

Olalla Rodil Fernández na data 08/03/2018 17:57:20

Noa Presas Bergantiños na data 08/03/2018 17:57:21

Ana Pontón Mondelo na data 08/03/2018 17:57:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 18:12
Nº Rexistro: 27608
Data envio: 08/03/2018 18:12:16.975

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, José Antonio Quiroga Díaz e Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

No Consello da Xunta desenvolvido o 1 de febreiro de 2018 presentouse un informe relativo aos convenios asinados en 2017 pola Consellería do Medio Rural e 35 concellos galegos, para a adquisición de tractores e apeiros co obxectivo da roza e limpeza de maleza para prevención dos incendios forestais.

O orzamento total dedicado á materialización destes convenios de colaboración foi de máis de tres millóns de euros para a compra de tractores neses municipios, que percibiron ata 90.000 euros para a compra desta maquinaria con dous apeiros para rozas", segundo se reflicte na información aos medios facilitada polo Goberno da Xunta de Galicia.

Tamén se manifesta a intención do Goberno galego de repetir este proceso iniciado por primeira vez en 2017, e que o Consello da Xunta tivo coñecemento nese consello dun informe final sobre o proceso.

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que faga unha convocatoria pública con criterios obxectivos e concorrencia competitiva para todos os concellos galegos para a adquisición de tractores e apeiros para rozas, co fin de colaborar nas labores de roza e limpeza de maleza para evitar os incendios forestais.

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 18:12
Nº Rexistro: 27608
Data envio: 08/03/2018 18:12:16.975

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2018 18:06:32

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/03/2018 18:06:43

José Antonio Quiroga Díaz na data 08/03/2018 18:06:56

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/03/2018 18:07:04

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2018 18:07:14

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 13:09
Nº Rexistro: 27205
Data envio: 02/03/2018 13:09:44.539

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Luisa Pierres López e Raúl Fernández Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª.

O polígono industrial da Madanela no concello de Melide, presta servizo a toda a comarca, contando na actualidade só con tres parcelas para a venda dispoñibles, que representan un total 7.892 metros cadrados, sen que conste previsión algunha por parte das institucións públicas de aumentar a oferta de solo industrial en Melide.

Polos datos anteriormente expostos, é doado prever que no presente e no futuro inmediato haberá necesidade de máis solo industrial, sendo a construción da autoestrada A-54 unha oportunidade, facendo do concello de Melide un enclave estratéxico; enclave que require ser activos nos planteamentos, co fin de evitar improvisacións e o bloqueo derivado de situacións da falta de solo industrial que coarten a posibilidade de desenvolvemento económico, polo que os trámites administrativos, que adoitan ser longos, deben ser iniciados á maior brevidade posible, constituíndo unha prioridade para o desenvolvemento económico do concello de Melide e a súa comarca.

A superficie do polígono industrial da Madanela está incluída na figura de protección ambiental Rede Natura 2000, o que implica limitacións para aumentar a reserva de solo industrial e a súa posible ampliación, aínda que cabe destacar que o polígono xa estaba en funcionamento cando se delimitou a dita area de protección.

A Lei do solo de Galicia permite que cando sexa preciso para o desenvolvemento económico dunha vila e dunha comarca, modificar a catalogación do solo afectado por Rede Natura 2000 e a propia Directiva de hábitats, a Rede Natura 2000 non implica limitacións de uso nin de desenvolvemento económico e industrial, debendo terse en conta as esixencias económicas, culturais e sociais. Todo isto conxugado cun estado de conservación favorable da natureza.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 13:09
Nº Rexistro: 27205
Data envio: 02/03/2018 13:09:44.539

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Para a descatalogación parcial dun espazo incluído en Rede Natura 2000, a competencia recae na Xunta de Galicia e concretamente na Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Á vista destes datos, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que:

1º) Redacte e presente un informe que determine as posibilidades de ampliación do polígono industrial da Madanela na súa radicación actual.

2º) Estableza un diálogo institucional co Concello de Melide para levar a cabo as accións necesarias co fin de poñer a disposición das empresas unha maior superficie de solo industrial, na contorna da radicación do polígono existente, ou naquela área do concello que se considere axeitada segundo un estudio previo.

Pazo do Parlamento, 1 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/03/2018 12:28:58

María Luisa Pierres López na data 02/03/2018 12:29:06

Raúl Fernández Fernández na data 02/03/2018 13:09:06

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 02/03/2018 13:09:15

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27217
Data envio: 02/03/2018 16:20:50.983

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Tamén podemos comprobar que dentro da Estratexia galega para a educación dixital 2020 (Edudixital 2020) figura que os centros contarán con dotacións de recursos adecuados para o seu desenvolvemento e poranse en marcha plans específicos de formación para o profesorado e o alumnado (Semana STEM).

O anterior supón, a nivel de compromiso económico para o ano 2018, que no orzamento da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e dentro do programa 423B – Prevención do abandono escolar, existe unha consignación de 300.000 € para axudas ao alumnado e de 130.000 € para proxectos enmarcados na estratexia galega de educación dixital; se consideramos que a totalidade do programa 423B – Prevención do abandono escolar ten unha dotación de 23.121.879 €, concluímos que se destina directamente a actividades relacionadas co ámbito STEM o 0,56 % do orzamento dese programa.

Se empregamos os orzamentos do ano 2017 e a súa aplicación durante este curso 2017/2018, comprobamos que a Resolución do 12 de xullo de 2017 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa convoca a “Semana STEM” dirixida a alumnado de quinto e sexto cursos de Educación Primaria e primeiro e segundo cursos de Educación Secundaria obrigatoria convoca a selección de centros para a “Semana STEM”, dotando dita actividade con 210.540 € procedente da aplicación orzamentaria 10.50.423B.640.4, que corresponde a Mellora do éxito escolar.

Como resposta a esta iniciativa e mediante Resolución definitiva do 17 de outubro de 2017, resultan admitidos 11 centros (dos 36 solicitantes) con alumnado de quinto e sexto cursos de Educación Primaria e 8 centros (dos 31 solicitantes) con alumnado de primeiro e segundo cursos de Educación Secundaria Obrigatoria. En total, 150 alumnos de Educación Primaria e 153 de Educación Secundaria Obrigatoria.

Todo o exposto ata este momento evidencia que a resposta a esta necesaria iniciativa non está a ser, nin con moito, a desexable, máxime se temos en conta que estamos a dous anos do remate da estratexia.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:06
Nº Rexistro: 27322
Data envio: 05/03/2018 18:06:55.917

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Polos motivos expostos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Desenvolver as accións necesarias para incrementar tanto a demanda de participación dos centros educativos nas actividades relacionadas coas vocacións STEM como o número de alumnos e alumnas que poidan participar nelas mediante os procedementos que se convoquen.

2º) Desenvolver actuacións que, dende a educación primaria, contribúan a reducir progresivamente, ata a súa eliminación, a fenda de xénero existente no ámbito das vocacións STEM.

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 05/03/2018 17:53:09

Maria de la Concepción Burgo López na data 05/03/2018 17:53:17

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/03/2018 17:53:28

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:15
Nº Rexistro: 27331
Data envio: 05/03/2018 18:15:55.266

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, e do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª.

O Grupo Parlamentario Socialista presentou emendas aos orzamentos de 2018, así como aos dos anteriores anos, para compensar as partidas que se ven desatendidas, debido a que unha boa parte do programa 723A Competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura, vai destinado a investimentos produtivos na acuicultura.

Hoxe, desde distintas confrarías da Costa da Morte, vólvese chamar a atención sobre esta cuestión, xa que ven como das pedras estratéxicas para o percebe, extráese a mexilla, co consentimento da Xunta, esquilman as rochas, poñendo en perigo un recurso que é fundamental. As persoas percebeiras ven con asombro, rabia e impotencia o abuso que supón o que se poida extraer mexilla por todo o litoral galego, destruíndo todo o labor de protección e coidado deste recurso. Todos os esforzos fronte o furtivismo no serven para nada se logo é o propio Goberno galego o que autoriza esta práctica que impide o crecemento do percebe e desbota todo o seu traballo.

Coa chegada da Semana Santa, desde Galicia, destino turístico entre outras cuestións pola súa gastronomía, obsérvase con preocupación que nin a extracción da mexilla nin a meteoroloxía axudan a quen del depende economicamente dun recurso cada vez é máis escaso e de menor talla.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que acoute aquelas zonas de especial sensibilidade para o percebe, como zonas exentas de extracción de mexillas ou outras especies que poidan poñer en perigo este recurso.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/03/2018 18:15
Nº Rexistro: 27331
Data envio: 05/03/2018 18:15:55.266

Grupo Parlamentario

Pazo do Parlamento, 5 de marzo de 2017

Partido dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Dolores Toja Suárez na data 05/03/2018 18:14:34

Julio Torrado Quintela na data 05/03/2018 18:14:48

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 05/03/2018 18:15:00

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27347
Data envio: 05/03/2018 18:42:38.906

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Moisés Blanco Paradelo, Carlos Enrique López Crespo, Miguel Tellado Filgueira, Gonzalo Trénor López, Teresa Egerique Mosquera, Marta Nóvoa Iglesias, Marta Rodríguez Arias, Cristina Isabel Romero Fernández, Alberto Pazos Couñago, Sandra Vázquez Domínguez, Marián García Míguez, María Antón Vilasánchez, Soraya Salorio Porral, Isabel Novo Fariña, Daniel Vega Pérez e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión 6ª.

Exposición de motivos:

Desde o momento do anuncio do seu inicio de trámite, o proxecto de explotación mineira San Rafael nos concellos de Touro e O Pino ten sido obxecto de acusacións por parte de determinadas plataformas e grupos da oposición.

Estas acusacións parten do descoñecemento do estrito trámite administrativo e ambiental que deben superar os proxectos mineiros, seguindo por certo unha lexislación aprobada polos mesmos grupos que hoxe a poñen en dúbida. A mesma lexislación que ten ofrecido, por certo, respostas contundentes a proxectos nos que os informes ambientais si prevían impactos negativos.

O Grupo Parlamentario Popular é sensible á preocupación espertada en moitos colectivos cidadás por estas inxustificadas alertas en relación co proxecto mineiro de Touro e O Pino, especialmente na súa posible afección ao río Ulla e aos bancos marisqueiros da ría de Arousa e considera que a Xunta de Galicia debe ser especialmente escrupulosa no seguimento da tramitación deste proxecto co fin de deixar meridianamente clara a súa viabilidade dende o punto de vista ambiental, técnico e urbanístico.

Ao contrario que os grupos que pouco menos que solicitan prevaricación por parte da Xunta de Galicia ao esixir o peche prematuro dun expediente, nós solicitamos o contrario: o cumprimento estrito da legalidade vixente.

O Grupo Popular lamenta que determinados grupo non teñan en conta os 6.000 postos de traballo directos, e outros tantos indirectos, que xera en Galicia a minaría, e que

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA

menosprecen polo tanto, as familias que viven deste sector, unha actividade que supón 1,05% do PIB galego.

Nós queremos transmitir unha mensaxe de tranquilidade, non tomamos posición nin a favor nin en contra deste proxecto concreto nin doutro. O que queremos, é que avance a tramitación administrativa conforme á Lei, deixando claro que un proxecto mineiro só se autorizará cando quede garantido o cumprimento das normativas urbanísticas, medioambientais e técnicas.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Avaliar as consecuencias e circunstancias do proxecto de explotación mineira San Rafael nº 2946, situado nos concellos de Touro e O Pino desde o total garantismo legal e o rigor na execución do procedemento, de forma que se salvagarde o total respecto ao contorno, o estrito cumprimento da legalidade vixente e se dote de todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas no caso de ser aprobado

2.- Que se garanta o cumprimento do plan de labores e o seguimento e vixilancia de calquera impacto medioambiental que se puidese producir como consecuencia do resultado actual da explotación da mina.”.

Santiago de Compostela, 05 de marzo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 05/03/2018 18:39:46

Moisés Blanco Paradelo na data 05/03/2018 18:39:50

Maria Antón Vilasánchez na data 05/03/2018 18:40:00

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27347
Data envio: 05/03/2018 18:42:38.906

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

María Ángeles Garcia Míguez na data 05/03/2018 18:40:09

María Soraya Salorio Porral na data 05/03/2018 18:40:17

Cristina Isabel Romero Fernández na data 05/03/2018 18:40:24

Diego Calvo Pouso na data 05/03/2018 18:40:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 05/03/2018 18:40:41

Carlos Enrique López Crespo na data 05/03/2018 18:40:48

Marta Novoa Iglesias na data 05/03/2018 18:40:56

María Isabel Novo Fariña na data 05/03/2018 18:41:06

Alberto Pazos Couñago na data 05/03/2018 18:41:14

Sandra Vázquez Dominguez na data 05/03/2018 18:41:21

Daniel Vega Pérez na data 05/03/2018 18:41:35

Marta Rodriguez Arias na data 05/03/2018 18:41:46

Teresa Egerique Mosquera na data 05/03/2018 18:41:58

Gonzalo Trenor López na data 05/03/2018 18:42:08

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27348
Data envio: 05/03/2018 18:51:34.966

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Manuel Lago Peñas**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3.ª.

Exposición de motivos

O Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, publica unha estatística sobre o investimento estranxeiro no conxunto do Estado, con información desagregada por CCAA, na que se recolle tanto o investimento recibido como o realizado polas empresas españolas fóra do Estado español.

Os últimos datos dispoñibles son os dos tres primeiros trimestres de 2017 e o seu resultado é moi negativo para Galicia.

Galicia recibiu tan só 90 millóns de euros de investimento exterior, unha cifra moi reducida que equivale ao 0,6% do total do investimento exterior no conxunto do Estado.

No último exercicio completo, o de 2016, o resultando aínda foi peor porque a porcentaxe de participación de Galicia quedouse no 0,5%.

Unha cifra irrelevante en valores absolutos e moi preocupante en termos relativos, porque Galicia supón o 5% do PIB do Estado, o que significa que a participación nos fluxos de investimento estranxeiro é dez veces inferior ao peso que ten na economía. Ante estes datos oficiais do Ministerio, que ademais se repiten historicamente, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27348
Data envio: 05/03/2018 18:51:34.966

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que presente, antes dun mes, unha análise das causas do fracaso da estratexia de captación de investimentos e, antes de tres meses, un plano de actuación que defina as medidas e os instrumentos necesarios para que Galicia consiga recibir como mínimo o 2% do investimento exterior en 2019.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2018.

Asdo.: Manuel Lago Peñas,
Deputado do G.P de En Marea.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Voceiro do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 05/03/2018 18:45:21

Luis Villares Naveira na data 05/03/2018 18:45:29

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:36
Nº Rexistro: 27358
Data envio: 06/03/2018 10:36:27.217

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno, Encarna Amigo Díaz, Marián García Míguez, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Raquel Arias Rodríguez** e **Sandra Vázquez Domínguez,** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

A Diabete Mellitus é unha enfermidade metabólica crónica con un gran impacto a nivel social, pero tamén económico.

Caracterízase pola elevación dos niveis de azucre no sangue, por deficiencia na produción ou a acción da Insulina.

Precisa atención médica continua, e estratexias de control das cifras de glucosa para diminuír o risco e o desenvolvemento de complicacións propias da enfermidade.

Clasifícase en catro categorías: a tipo I, a tipo II; a xestacional e a secundaria, debido a outras enfermidades ou inclusive a tratamentos farmacolóxicos.

A Diabete Mellitus tipo I, representa entre o 5-10% dos casos de diabetes, e afecta principalmente a nenos e adolescentes, precisando en todos os casos a administración de insulina para o seu tratamento.

A Diabete tipo II, é unha enfermidade da idade adulta, en relación co déficit ou a resistencia á insulina. Considérase á obesidade como causa primeira desta variedade de diabete, en persoas con predisposición xenética.

A diferencia da diabete tipo I, a tipo II pódese tratar inicialmente con dieta e exercicio, e posteriormente en moitos casos con distintos medicamentos por vía oral. Noutros casos, ou na propia evolución da doenza, é preciso o tratamento con insulina.

Ven a representar arredor do 90% do total dos casos desta enfermidade.

As complicacións agudas mais frecuentes son a hipoglucemia, a hiperglucemia e a cetoacidose. Entre as complicacións a longo prazo, desatacan a retinopatía, a nefropatía, a neuropatía, e as complicacións macrovasculares.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:36
Nº Rexistro: 27358
Data envio: 06/03/2018 10:36:27.217

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

De cara a evitar a aparición destas complicacións faise necesario ter un control sobre as cifras sanguíneas de azucre. A automonitorización da glucosa no sangue capilar feita polo propio paciente permite avaliar a resposta ao tratamento de xeito individual, axustando a súa inxesta de comida, a súa actividade física e a súa medicación. Este sistema estase a utilizar a día de hoxe.

Os avances técnicos e nas TICs poderían facilitar este control e monitorización, de xeito que mellore a calidade de vida destas persoas, a morbilidade asociada e a propia evolución da enfermidade e complicacións.

A diabete é unha enfermidade crónica que afecta seriamente a vida do paciente, da súa familia e do seu entorno. Sabemos que en Galicia estase a traballar en distintos proxectos dirixidos a estos pacientes.

Nestas últimas datas temos coñecido da existencia de novidosos sistemas de control da glucemia que, sobre todo en nenos, poderían supoñer un avance significativo no control da súa diabete.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Demandar no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a avaliación dos resultados destas novas tecnoloxías de control da diabete mellitus, e a definición das características da poboación que se pode beneficiar da súa utilización, para proceder, se os resultados do estudo o aconsella, á inclusión destas tecnoloxías na carteira de servizos do Sistema Nacional de Salud.

2. Demandar no Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a participación das distintas Comunidades Autónomas nos estudos que se inicien por parte do Ministerio de Sanidade".

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:36
Nº Rexistro: 27358
Data envio: 06/03/2018 10:36:27.217

GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR DE GALICIA

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/03/2018 10:31:52

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/03/2018 10:32:01

María Encarnación Amigo Díaz na data 06/03/2018 10:32:07

María Ángeles Garcia Míguez na data 06/03/2018 10:32:16

Marta Rodriguez Arias na data 06/03/2018 10:32:23

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/03/2018 10:32:31

María Soraya Salorio Porral na data 06/03/2018 10:32:39

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 06/03/2018 10:32:46

Raquel Arias Rodríguez na data 06/03/2018 10:32:53

Sandra Vázquez Dominguez na data 06/03/2018 10:33:01

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:47
Nº Rexistro: 27367
Data envio: 06/03/2018 10:47:35.510

Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos Socialistas de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Abel Losada Álvarez e Noela Blanco Rodríguez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 3ª.

A asociación de directoras e xerentes de Servizos Sociais acaban de publicar un informe elaborado cos datos de 2017 do Ministerio de Facenda, sobre o índice de desenvolvemento dos servizos sociais 2017.

O dito estudo emprega o índice DEC, que intenta medir e avaliar o desenvolvemento das estruturas e orzamentos dun sistema, os servizos sociais que atenden ás necesidades de máis de oito millóns de persoas en España.

O índice DEC aborda tres aspectos esenciais no desenvolvemento do Sistema Público de Servizos Sociais:

D). Dereitos e decisión política (ata 1,5 puntos da valoración global).

Acádase a Excelencia se teñen unha Lei que recoñece dereitos subxectivos, e Catálogo ou Carteira que os desenvolva.

Perda temporal da Excelencia: dous anos consecutivos con perspectiva negativa.

E). Relevancia Económica (ata 3 puntos de valoración global)

Acádase a excelencia e obteñen polo menos 1,1 puntos en gasto consolidado e como mínimo un 0,5 puntos en % respecto ao PIB rexional.

C). Cobertura (ata 5,5, puntos de valoración global)

Acádase a excelencia se obteñen polo menos a puntuación media de 8 dos 16 aspectos valorados, e como mínimo 4 de eles a máxima.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:47
Nº Rexistro: 27367
Data envio: 06/03/2018 10:47:35.510

Cada un dos aspectos desagréganse en diversos indicadores, aos que se lles asigna unha puntuación, e que a súa suma determina o resultado que cada comunidade autónoma obtén no correspondente aspecto e no total. De igual xeito, establécense as condicións para acadar a excelencia en cada un dos tres aspectos. A conxunción da excelencia acadada en cada un dos tres aspectos e da puntuación total, determina a cualificación outorgada ao desenvolvemento do sistema de Servizos Sociais en cada Comunidade Autónoma de acordo cunha escala previamente determinada.

Neste índice Galicia obtén unha cualificación global "Débil 4,15", ocupando o posto 13 na clasificación das comunidades autónomas no desenvolvemento do seu sistema público de servizos sociais, sendo o gasto por habitante e ano en 2016 de 274,91 €, inferior ao rexistrado no 2011 (278,09 €) e por debaixo da media do conxunto de España (339,69 €).

Á vista destes datos o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a incrementar a porcentaxe de gasto nos servizos sociais da comunidade autónoma co fin de dar cobertura real aos dereitos recoñecidos, así como o catálogo que os desenvolve, recollidos na normativa galega.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 06/03/2018 10:42:12

Abel Fermín Losada Álvarez na data 06/03/2018 10:42:19

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2018 10:42:26

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2018 10:42:34

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:55
Nº Rexistro: 27369
Data envio: 06/03/2018 10:55:30.976

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Noa Presas Bergantiños**, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A denominada como interrompibilidade é o mecanismo de xestión da demanda de enerxía empregado para dar unha resposta rápida ás necesidades do sistema eléctrico de acordo a criterios de tipo técnicos e económicos, que consiste en reducir a potencia activa demandada en resposta a unha orde emitida polo operador do sistema. Este mecanismo aparece contemplado na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, recollido no seu artigo 49 referente á xestión da demanda a potestade da Administración para adoptar medidas, entre as que se recolle a prestación do servizo de interrompibilidade de cara a incentivar a mellora do servizo e a eficiencia e aforro enerxéticos, podendo dar o cumprimento dos obxectivos previstos en ditas medidas ao recoñecemento dos custos para a posta en práctica.

A tradición normativa que a regula asigna a demanda a través dun sistema competitivo de poxas cuxos termos estabelece o goberno central. Durante 2017 introduciu diferentes mudanzas que levantaron incertezas no sector da industria electrointensiva, tamén na Galiza. Doutra banda, por primeira vez empregouse o sistema de poxa co obxectivo de abaratar a factura eléctrica. Nos últimos meses, esta cuestión ten levantado tamén dúbidas no sector.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:55
Nº Rexistro: 27369
Data envio: 06/03/2018 10:55:30.976

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde Galiza cómpre estar vixiantes aos efectos que poida ter o devir e a configuración das poxas tanto pola afectación á industria galega como, en última instancia, ás e aos consumidores.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

"O Parlamento de Galiza acorda instar á Xunta de Galiza a constituír unha mesa de seguimento estábel participada polos sectores dependentes das poxas de interrompibilidade, organizacións sociais, representatividade das empresas, administración galega e concellos implicados, de cara a analizar as posíbeis repercusións para Galiza das mudanzas no sistema de poxa de interrompibilidade, elaborar propostas para a súa modificación así como impulsar a planificación no desenvolvemento industrial e na fixación de emprego."

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

87908

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 10:55
Nº Rexistro: 27369
Data envio: 06/03/2018 10:55:30.976

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 06/03/2018 10:54:26

María Montserrat Prado Cores na data 06/03/2018 10:54:30

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/03/2018 10:54:33

Olalla Rodil Fernández na data 06/03/2018 10:54:35

Xosé Luis Bará Torres na data 06/03/2018 10:54:37

Ana Pontón Mondelo na data 06/03/2018 10:54:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27385
Data envio: 06/03/2018 16:22:13.996

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Julio Torrado Quintela, Juan Manuel Díaz Villoslada e Noela Blanco Rodríguez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Exposición de motivos

Dende a Xunta de Galicia vénse afirmando recentemente a necesidade dunha reforma da lexislación referente ao xogo en Galicia, actualizando as normativas existentes (autonómica en 1985 e a estatal máis recente promovida en 2011 polo Goberno de José Luis Rodríguez Zapatero). A existencia de novos formatos, como o xogo online, e a tolerancia social desenvolvida ao redor dun problema de gravidade que aínda non é percibido socialmente como tal, fan necesaria unha aposta decidida por regular o sector de forma rigorosa e por potenciar, de maneira específica, as vertentes referidas a promoción de xogo responsable, prevención de condutas aditivas e o plano asistencial para as persoas afectadas e/ou rehabilitadas.

Na actualidade, a asociación das cuestións do eido sanitario relativas ao xogo céntranse no aspecto asistencial, e de maneira máis tibia do que sería necesario. A importancia fundamental do sector tense en conta dende puntos de vista fiscal e tributario, pero non se atende correctamente por parte da administración as cuestións de prevención de condutas aditivas e asistenciais. Resulta necesario elevar a dotación orzamentaria dedicada a prevención e tratamento de condutas aditivas, non en tanto todas as suxestións que se veñen facendo vía emendas aos orzamentos da comunidade autónoma son sistematicamente rexeitadas pola maioría que sustenta ao goberno autonómico, impedindo que estas partidas puideran promover maior e mellor atención ás persoas afectadas.

No mesmo sentido, debera ser asumido que unha das cuestións máis importantes no tratamento do xogo dende a perspectiva de conduta

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

aditiva está na tolerancia social existente, como así apunta o coñecemento existente froito da investigación e o traballo dos expertos. Estas ideas derivan na necesidade de afrontar unha perspectiva pedagóxica que hoxe en día non está a existir, e que debera ter especial incidencia nos colectivos máis mozos, pois a idade de inicio de condutas de xogo está a diminuír preocupantemente. Na actualidade, recentes estudios sinalan como franxa de idade de maior condutas ao redor do xogo en torno ao grupo de 18 a 25 anos, cando hai apenas 5 anos se situaba na franxa dos 35 aos 40 anos. A irrupción do xogo online, a aparición de maiores medios e plataformas, tanto virtuais como online, a facilidade de acceso non controlado e outras cuestións relativas ao baixo control existente favorecen que o problema actual teña unha gravidade elevada e crecente.

Dadas estas cuestións, todo apunta á necesidade de focalizar maior atención e compromiso nas políticas de prevención de condutas aditivas en torno ao xogo e asistencia sobre xogo patolóxico, cuestións que ademais deberan ser especificamente atendidas coa importancia que se merecen nas vindeiras modificacións legais correspondentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Incorporar na vindeira lexislación sobre xogo en Galicia propostas e medidas destinadas a campañas de prevención e accións de sensibilización ante as condutas aditivas relacionadas co xogo. Para o desenvolvemento destas propostas e medidas se destinará a dotación orzamentaria correspondente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27385
Data envio: 06/03/2018 16:22:13.996

2. Elaborar un informe da situación actual do xogo en Galicia dende o punto de vista da prevención e a asistencia ás persoas afectadas, así como do efecto das políticas públicas que contemple as medidas que foron máis efectivas, as que poden ser melloradas e a suxestión de expertos de cara a futuras modificacións e implementacións. Este informe será publicado na páxina web da consellería.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/03/2018 16:17:17

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 06/03/2018 16:17:40

Noela Blanco Rodríguez na data 06/03/2018 16:17:46

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2018 16:17:51

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:50
Nº Rexistro: 27398
Data envio: 06/03/2018 17:50:41.587

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo** e da súa deputada **Carmen Santos Queiruga,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.**

Exposición de motivos

Ante a necesidade de abrazar os novos sistemas de propulsión automotriz, concretamente os vehículos eléctricos, expúxose a vontade por parte do Sr. Ministro Álvaro Nadal de facilitar a instalación de postes de recarga e desregular a figura do xestor de carga para que calquera poida fornecer enerxía eléctrica para os automóbiles eléctricos e híbridos enchufables.

Desde o punto de vista ambiental, o vehículo eléctrico é unha das solucións paliativas para frear o cambio climático si, e só si, a enerxía empregada para a súa propulsión é de orixe 100% renovable.

A chegada deste tipo de vehículos ás nosas estradas depende en gran medida de que existan as infraestruturas necesarias para os mesmos.

Neste marco, nun futuro inmediato, requírese un estudo pormenorizado das mellores localizacións para brindar este servizo, abrindo un novo modelo de negocio non só a instalacións de xeración de electricidade renovable illadas de rede para brindar estes servizos, senón para que pequenos e medianos investidores, sobre todo no rural, poidan ofrecer un servizo que mellore a mobilidade neses territorios respectando o valor do noso patrimonio ambiental e

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:50
Nº Rexistro: 27398
Data envio: 06/03/2018 17:50:41.587

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

que supoñerá un valor engadido para o turismo, e unha reversión da desvantaxe competitiva que tanto os profesionais como a cidadanía en xeral, vén sufrindo en Galicia, polos abusivos prezos dos combustibles fósiles.

Por iso, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que se desenvolva un estudo pormenorizado das localizacións recomendadas para garantir a circulación destes vehículos eléctricos por todo o territorio de Galicia, incluíndo o criterio da xeración da electricidade con fontes renovables nos puntos de subministración.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo
Carmen Santos Queiruga
Deputado e voceira s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/03/2018 17:34:42

Carmen Santos Queiruga na data 06/03/2018 17:34:48

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:51
Nº Rexistro: 27400
Data envio: 06/03/2018 17:51:43.186

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo** e da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6.ª**

Exposición de motivos

Segundo un estudo realizado polo Observatorio da Sustentabilidade, Galicia rexistra un peor comportamento que a media nacional en emisións, con 10,6 toneladas por habitante.

Isto sitúanos como a cuarta peor cifra do Estado en emisións per cápita.

O noso tecido industrial, altamente contaminante, e os hábitos da cidadanía contribuíron a emitir á atmosfera un total de 820.737 toneladas de dióxido de carbono (CO2), o que a converte na cuarta comunidade autónoma máis contaminante de España.

A UE obrigará a que a media das emisións contaminantes da gama dunha marca non exceda os 95 gramos de CO2 por quilómetros en 2021. A Comisión Europea anunciou medidas drásticas para reducir emisións contaminantes que afectarán de forma moi severa a coches novos e furgonetas. A media terá que ser un 30% máis baixo en 2030 con respecto a 2021.

Por outra banda, os combustibles fósiles empregados na automoción e industria, son máis caros en Galicia que na inmensa maioría do Estado, supoñendo un agravio competitivo non só para as economías domésticas galegas, senón para as nosas empresas e autónomos dos diferentes sectores.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:51
Nº Rexistro: 27400
Data envio: 06/03/2018 17:51:43.186

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Neste marco, o Goberno aprobou o Plan Movalt, de impulso ao vehículo alternativo.

Á marxe dos vehículos industriais pesados (camións e maquinaria) que recorrerán maioritariamente ao GNL e GNP para asumir o seu compromiso ambiental, existe a necesidade de que os investimentos e infraestruturas para o transporte particular ou profesional de turismos e furgonetas se enfoque a sistemas sustentables de emisións cero, e se faga sobre todo, de modo que se facilite a adopción destes por parte da poboación, nas zonas rurais, onde a dependencia dos combustibles fósiles é maior e máis difícil de reverter e onde, ante a falta de medios de transporte públicos, son máis dependentes dos vehículos particulares que no resto de territorio.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver un plan autonómico, que será presentado antes de final de 2019, que facilite a adopción do vehículo eléctrico e híbrido enchufables no territorio rural, por medio do impulso de iniciativas vinculadas ao estímulo da creación de puntos de recarga para estes vehículos."

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo, Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Deputado do G.P. de En Marea. Voceira s. do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:51
Nº Rexistro: 27400
Data envio: 06/03/2018 17:51:43.186

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/03/2018 17:44:45

Carmen Santos Queiruga na data 06/03/2018 17:44:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 27401
Data envio: 06/03/2018 17:52:32.623

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo** e a súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.**

Exposición de motivos

A UE obrigará a que a media das emisións da gama dunha marca non exceda os 95 gramos de CO2 por quilómetro en 2021. A Comisión Europea anunciou medidas drásticas para reducir emisións contaminantes que afectarán de forma moi severa a coches novos e furgonetas.

A media terá que ser un 30% máis baixa en 2030 con respecto a 2021.

Neste marco, o Goberno aprobou o Plan Movalt, de impulso ao vehículo alternativo, sendo, desde o punto de vista ambiental, o vehículo eléctrico a mellor solución para acabar estes obxectivos, sempre que a enerxía empregada para a súa propulsión sexa de orixe 100% renovable.

Desde o punto de vista da innovación, temos a obriga de non perder a oportunidade de fomentar a investigación nestas materias ao redor da mobilidade.

Desde o punto de vista da deficiente mobilidade, en máis do 60% de Galicia, debemos impulsar as medidas e infraestruturas que permitan a rápida adopción deste tipo de vehículos.

A Administración debe ser impulsora e exemplo desta aposta.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 27401
Data envio: 06/03/2018 17:52:32.623

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a desenvolver, tanto desde o punto de vista lexislativo como orzamentario, as medidas necesarias para que a partir de 2019, a renovación paulatina do seu parque móbil cumpra coa previsión dos obxectivos marcados para 2030.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo,
Deputado do G.P. de En Marea.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga
Voceira s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/03/2018 17:41:50

Carmen Santos Queiruga na data 06/03/2018 17:41:57

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 27402
Data envio: 06/03/2018 17:52:57.667

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa do seu deputado **Juan José Merlo Lorenzo e** da súa deputada **Carmen Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 6ª.**

Exposición de motivos

Ante a necesidade de abrazar os novos sistemas de propulsión automotriz, concretamente os vehículos eléctricos, expúxose a vontade, por parte do Sr. Ministro Álvaro Nadal, de facilitar a instalación de postes de recarga e desregular a figura do xestor de carga para que calquera poida fornecer enerxía eléctrica para os automóbiles eléctricos e híbridos enchufables.

Desde o punto de vista ambiental, o vehículo eléctrico é unha das solucións paliativas para frear o cambio climático si, e só si, a enerxía empregada para a súa propulsión é de orixe 100% renovable.

A chegada deste tipo de vehículos ás nosas estradas depende en gran medida de que existan as infraestruturas necesarias para os mesmos.

Neste marco nun futuro inmediato, requírese un estudo pormenorizado das mellores localizacións para brindar este servizo, abrindo un novo modelo de negocio non só a instalacións de xeración de electricidade renovable illadas de rede para brindar estes servizos, senón para que pequenos e medianos investidores, sobre todo no rural, poidan ofrecer un servizo que mellore a

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2018 17:52
Nº Rexistro: 27402
Data envio: 06/03/2018 17:52:57.667

mobilidade neses territorios respectando o valor do noso patrimonio ambiental e que supoñerá un valor engadido para o turismo e unha reversión da desvantaxe competitiva que, tanto os profesionais como a cidadanía en xeral, vén sufrindo en Galicia polos abusivos prezos dos combustibles fósiles.

Por iso, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a que se desenvolva, de cara aos orzamentos do 2019, un estudo pormenorizado dos investimentos necesarios para garantir a adopción destes vehículos eléctricos e híbridos enchufables en Galicia, incluíndo o criterio da xeración da electricidade con fontes renovables nos puntos de subministración.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

Asdo.: Juan José Merlo Lorenzo, Deputado do G.P. de En Marea

Asdo.: Carmen Santos Queiruga Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Juan José Merlo Lorenzo na data 06/03/2018 17:37:11

Carmen Santos Queiruga na data 06/03/2018 17:37:21

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27414
Data envio: 06/03/2018 18:30:20.384

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de **En Marea,** por iniciativa do deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª,** sobre o uso das bases helitransportadas da Xunta de Galicia por helicópteros da empresa Babcock fóra de contrato.

Exposición de motivos

Dende a época de lumes que arrasou gran parte do país galego, no mes de outubro, En Marea vén denunciando o incumprimento por parte da Consellería de Medio Rural de varias normativas en diferentes ámbitos, que pode ir dende material caducado e residuos químicos amoreados sen control, como na base das aeronaves de carga en terra de Antela (Concello de Xinzo de Limia), ata informes que emitiu Inspección de Traballo sobre incumprimentos laborais e tarefas de extinción en tódolos distritos forestais da comunidade.

Ademais de todo isto, investigacións de algún xornal, fixo públicas as tarefas de mantemento integral (inspeccións que corresponden por horas de voo) que a empresa Babcock, adxudicataria deste servizo destinada a defensa contra incendios forestais da Consellería de Medio Rural , estaba realizando nunha base da propia Consellería. Toén.

A CIG, por medio dun escrito remitido a Medio Rural, vén de pedir explicacións de por que o helicóptero modelo B3 con matrícula EC-KZL, pertencente á empresa Babcock, concesionaria dos medios aéreos extinción do Goberno

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27414
Data envio: 06/03/2018 18:30:20.384

galego, está aparcado na base pública de Queimadelos, situada no Concello de Mondariz (Pontevedra), cando xa rematou a tarefa para a que fora contratado.

Segundo consta no escrito, a aeronave ocupouse de facer tarefas de restauración (helimulching) en zonas do Macizo Central Ourensá e facía base na Base Helitransportada de San Xoán de Rio (Ourense).

O 1 de xaneiro de 2018, En Marea xa denunciou que no distrito XIII (comarca de Trives-Caldelas) atópase a empresa Tragsa e Babcock facendo estes traballos e ocupando a base helitransportada de San Xoán de Río para facer estas labores de restauración e xa preguntamos se a empresa Tragsa posuía permiso de cesión das instalacións públicas da Consellería de Medio Rural para facer uso delas.

A empresa UTE-INAER Galicia (actualmente Babcock), xunto ca consultoría Natutécnia, foi contratada pola Xunta de Galicia para un servizo de helicóptero e brigada durante os anos 2015, 2016 e 2017, con prórrogas ate 2019 destinado na base ourensá de Toén (Expediente 15/2015). Pois ben, a CIG, vén de solicitarlle a rescisión de contrato a estas empresas por incumprimento reiterado das prescricións técnicas do servizo ao mudar un helicóptero mod. PUMA por un de menos prestacións en carga de auga e brigada, o Bell 412.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea realiza a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galiza a rescindir o contrato ca empresa Inaer Galicia (actualmente Babcock), e ca empresa Natutecnia S.L por incumprimento reiterado das prescricións técnicas do servizo (artigo 10.10 do prego de cláusulas administrativas).

Santiago de Compostela a 06 de marzo de 2018

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27414
Data envio: 06/03/2018 18:30:20.384

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez, Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araújo Voceiro do G.P. de En Marea

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 06/03/2018 18:27:15

Paula Quinteiro Araújo na data 06/03/2018 18:27:23

Luis Villares Naveira na data 06/03/2018 18:27:31

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27428
Data envio: 06/03/2018 19:01:12.652

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López e María Luisa Pierres López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

O I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020 elaborado conxuntamente pola Secretaría Xeral da Igualdade, dependente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Nesta iniciativa indícase que se trata de inverter a tendencia existente nos últimos anos, nos que se observa un aumento das condutas discriminatorias e dos estereotipos sexistas entre o alumnado dos centros educativos.

Inspirado en catro principios (transversalidade, sociedade igualitaria, Obxectivo "violencia 0 nas aulas e na sociedade" e inclusión e integración da diversidade), establece seis eixes:

1) Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

2) Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

3) Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,…).

4) Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

5) Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27428
Data envio: 06/03/2018 19:01:12.652

6) Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Cada un destes eixes ten asociados unha serie de obxectivos que se acadan con medidas: son 27 as que prevé o plan, algunha delas aplícase a varios obxectivos.

Como é lóxico, prevese un sistema de seguimento e avaliación a través dun sistema de indicadores, co que se realizará un seguimento das medidas previstas que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

Considerando que o horizonte temporal que comprende a vixencia deste I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia son os cursos académicos 2016-2017, 2017-2018, 2018-2019 e 2019-2020 e que, aos efectos que nos ocupan, en xuño de 2017 (hai 8 meses) a información sobre os indicadores do primeiro curso de vixencia (2016-2017) poden estar dispoñibles, por iso o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a presentar no Parlamento de Galicia, antes do remate deste período de sesións, un informe sobre a aplicación durante o curso 2016-2017 do I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, así como as necesidades de corrección, se as houbese, do dito plan cara á consecución dos seus obxectivos.

Pazo do Parlamento, 6 de marzo de 2018

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 06/03/2018 17:15:03

Maria de la Concepción Burgo López na data 06/03/2018 17:15:11

María Luisa Pierres López na data 06/03/2018 17:15:23

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 06/03/2018 17:15:35

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27433
Data envio: 06/03/2018 19:08:16.104

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa dos seus deputados **Marcos Cal Ogando e Antón Sánchez García,** ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 2.ª,** relativa a desafección dos terreos inicialmente afectados para a construción da Vía de Alta capacidade ou Vía de altas prestacións Tui- A Guarda.

O anuncio da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes publicado no DOG do 18 de xullo de 2008, mediante resolución do 26 de xuño de 2008 da Dirección Xeral de Obras Públicas, someteu a información pública o estudo informativo e o estudo de impacto ambiental da VAC Tui- A Guarda; treito 2: PO-350-enlace de Goián, clave PO/07/004.00.1.

O martes 1 de decembro de 2009, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas fixo público o anuncio do 25 de novembro de 2009, da Dirección Xeral de Infraestruturas, polo que se publicaba a Resolución do 24 de novembro de 2009, pola que se revoga parcialmente a Resolución do 15 de novembro de 2006, relativa á aprobación do documento complementario ao estudo informativo da vía de alta capacidade Tui-A Guarda, e pola que se dispón a redacción dun novo documento técnico relativo ao trazado do treito 2 da devandita vía.

Neste anuncio publicábase o texto da resolución do 24 de novembro de 2009 relativo ao treito 2 da vía de alta capacidade, na que se revoga a resolución do 15 de novembro de 2006 pola que se aprobara o documento complementario ao estudo informativo da VAC Tui- A Guarda, que deixaba sen efecto o trazado do treito 2 (enlace PO-350- enlace Goián (Ponte Internacional)) e a redacción dun

novo documento técnico co treito 2, documento no que se realizará un estudo comparativo de alternativas de trazado.

No ano 2010 realizouse o estudo informativo e estudo comparativo de alternativas entre Tui e A Guarda, treito 2: enlace PO-350- Enlace de Goián, de clave PO/10/003.00. O estudio informativo e comparativo de alternativas datado de febreiro do 2010 no que o enxeñeiro director do estudo foi Fausto Núñez Vilar e o autor do mesmo foi Luis H. Gómez Carrión e o consultor TECPRO Enxeñería civil.

A estas alturas, no ano 2017, aínda non se finalizou a obra, sen embargo a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, informaba da proposta da Xunta de Galicia de variar o trazado da VAC na parte final entre a PO-350 e Goián para obter unha maior viabilidade económica, mellor vertebración do territorio e menor impacto ambiental taxado nun 57%.

A veciñanza de Tomiño afectada por estas obras descoñece por onde vai pasar a vía na actualidade e que vai pasar cos terreos afectos á construción segundo as diversas variantes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Informar que variante se vai construír finalmente na VAC Tui- A Guarda enlace de Goián a PO-350.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 09:30
Nº Rexistro: 27433
Data envio: 06/03/2018 19:08:16.104

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2.- Desafectar os terreos nos que non se vai construír dita infraestrutura, en virtude do principio de seguridade xurídica.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018.

Asdo.: Marcos Cal Ogando

Antón Sánchez García

Deputado e Voceiro s. do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Marcos Cal Ogando na data 06/03/2018 19:02:37

Antón Sánchez García na data 06/03/2018 19:02:59

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 12:57
Nº Rexistro: 27470
Data envio: 07/03/2018 12:57:59.593

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Davide Rodríguez Estévez** e da súa deputada **Paula Quinteiro Araujo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre o incremento do contrato das traballadoras e traballadores do SPDCIF de 3 a 9 meses, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras, persoal laboral fixo descontinuo, ampliando a súa relación contractual a un total de nove meses.

Exposición de motivos

Dende o ano 2012, a relación de postos de traballo (RPT) da Consellería do Medio Rural, recolle unha serie de prazas cunha temporalidade na prestación de servizos de ata tres meses, prazas adscritas ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.

As citadas prazas de nova creación foron recollidas no DOGA nº 130, do luns 9 de xullo de 2012, onde se recolle que segundo a Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais, atribúe ao órgano competente en materia forestal o deseño do operativo de extinción de incendios forestais a través do plan de defensa contra incendios forestais (PLDADIGA).

A Xunta de Galicia argumentaba polo ano 2012 que a citada modificación da RPT de Medio Rural tiña por finalidade dimensionar a estrutura orgánica do persoal e adecuala ás necesidades do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais en época estival que, de forma permanente, é declarada como época de alto risco, dando apoio nas tarefas de extinción de incendios forestais.

Nesta modificación da RPT aprobouse a creación de 436 prazas, cunha prestación de servizos de ata tres meses para persoal do SPDCIF, de cara ao

reforzo de alto risco de incendios, tal e como relata no DOGA anteriormente exposto.

Por outra banda, no DOGA 213 de 3 de novembro de 2008, publicouse o V Convenio Colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, dentro do cal se establecen as condicións especias de traballo do persoal do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia.

Como cita explicitamente este convenio no artigo 1º "este convenio colectivo establece e regula as normas polas que se rexerán as relacións de carácter xurídico-laboral entre a Xunta de Galicia e o persoal que suxeito á lexislación laboral preste os seus servizos baixo a súa dependencia e a dos seus organismos autónomos".

No artigo 2º cita: "Así mesmo integrarase neste convenio o persoal laboral que con posterioridade á publicación deste pase a depender da Xunta de Galiza ou dos seus organismos autónomos".

Tal e como detallamos anteriormente, o V C.C.Ú, recolle o acordo de condicións especiais de traballo do persoal do SPDCIF. No seu apartado 2. Ámbito de aplicación, punto 2.2 di que: " O réxime laboral previsto no convenio do persoal laboral da Xunta de Galicia seralle de aplicación ao persoal laboral que realiza o seu traballo no SPDCIF, agás nos aspectos especificamente desenvolvidos neste acordo, que terán aplicación prevalente".

No apartado 3. Réxime laboral específico, punto 3.2. Período de traballo do persoal fixo descontinuo do mesmo acordo, recolle literalmente: " Co fin de contribuír na mellora da estabilidade laboral do persoal do SPDCIF acórdase, con efectos dende o ano 2008, a contratación por un período ininterrompido de nove meses do persoal fixo descontinuo".

A Consellería do Medio Rural, como consecuencia da mellora dos resultados da política de prevención comprométese a estender os contratos do persoal fixo descontinuo do SPDCIF ata nove meses, modificando a ARPT actual. As tarefas deste colectivo serán prioritariamente de prevención nos meses en que haxa un menor risco de incendios forestais e de vixilancia e extinción na tempada de alto risco".

Polo tanto, a normativa pola que se rexen as relacións xurídico-laborais entre a Xunta de Galicia e o persoal que presta os seus servizos baixo a súa dependencia, entre eles o persoal laboral do SPDCIF, recolle unicamente períodos de actividade laboral de doce e nove meses.

Nos 436 contratos de traballo, que os traballadores e traballadoras asinan coa Xunta de Galicia-Consellería de Medio Rural, na cláusula primeira vincula ao traballador co SPDCIF. Nas cláusulas terceira e cuarta tamén existe vinculación do traballador co propio V convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, como tamén na cláusula adicional décimo terceira.

A este respecto, presentáronse demandas individuais diante dos xulgados de primeira instancia do social, ao ollar fraude de lei ao infrinxirse o recollido no V convenio, onde non se recolle ningún tipo de contrato laboral de 3 meses, tal e como relatamos anteriormente. Temos o "aval moral" e xurídico en primeira instancia de máis de corenta sentenzas favorábeis. Certo é que a día de hoxe xa comezaron a saír algunhas sentenzas recorridas pola Xunta de Galicia no TSXG onde decaen estas sentenzas.

Por outra banda, o 16 de xaneiro de 2016, entrou en vigor a Lei 17/2015, do 9 de xullo, do Sistema Nacional de Protección Civil, publicada no BOE número 164 do 10 de Xullo de 2015, onde no seu artigo 17º recolle que os servizos de prevención e extinción de incendios forestais terán a consideración de servizos

públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil, reflectindo, polo tanto, que un incendio forestal é unha emerxencia.

Dentro das novas tarefas que esta lei encomenda a este servizo, aparecen as novas unidades de competencia entre elas a U.C. 0272-2, Asistir como primeiro intervinte nos casos de accidentes ou situacións de emerxencia rural.

Entendemos que coa asignación destas novas competencias, aumenta a carga de traballo e dilúese o período inicialmente establecido para a campaña de reforzo onde se adscribía unicamente o período de verán, entendendo que ao poder actuar como primeiro intervinte en caso de emerxencia, as intervencións efectuaranse ao longo de todo o ano.

Coa entrada en vigor desta lei, consideramos que é imprescindíbel e necesario reforzar o dispositivo para poder atender e desenrolar as tarefas que a propia lei do Sistema Nacional de Protección civil encomenda. Trataríase polo tanto, de ampliar os períodos de contratación dos traballadores e traballadoras que prestan servizos durante os meses de xullo, agosto e setembro e que ascenden en número a 436, para un dispositivo que non conta con medios suficientes para atender estas novas afrontas, economizando e optimizando ao noso entender todo o potencial deste recurso público.

Non está de máis matizar que se trata dun colectivo afincado e espallado pola xeografía rural do país que xa a data de hoxe está ubicado estratexicamente en canto a cobertura territorial se refire, e coa plusvalía dun amplo coñecemento do territorio logo de máis de 25 anos de traballo.

Así en dispositivos homólogos do resto do Estado, constatamos, como xa teñen desenrolado as funcións de atención a todo tipo de emerxencias, en base ao reflectido na citada Lei 17/2015.

É o caso dos traballadores e traballadoras do Plan Infoca, do servizo público de Andalucía, onde entre as súas funcións teñen reflectida aquelas de colaborar e participar en emerxencias ambientais, tales como inundacións, nevadas, tornados etc. Así mesmo, tamén colaboran na busca de persoas desaparecidas. Outras liñas de traballo están destinadas á sensibilización da sociedade fronte aos incendios forestais.

No caso das brigadas de emerxencia da Generalitat Valenciana, entre as funcións a maiores da prevención e extinción de incendios forestais, teñen recollidas a intervención en situacións de emerxencias de orixe meteorolóxico tales como nevadas, inundacións ou fortes ventos, así como a colaboración noutras situacións de risco contempladas en plans e procedementos de protección civil e emerxencias de acordo coa lexislación vixente.

As mesmas funcións teñen tamén asignadas o dispositivo da Comunidade Autónoma de Madrid.

No caso que nos atinxe, A Xunta de Galicia aínda non realizou ningún troco neste senso, infrautilizando un servizo como o SPDCIF que podería atender como nos caos anteriormente expostos todo tipo de emerxencias tal e como desenrola a normativa vixente. Cunha inversión asumíbel poderíase garantir a cobertura necesaria en todo o territorio galego, sobre todo no medio rural, xa que se trata dunha cobertura horaria necesaria das 24 horas durante os 365 días do ano, lembrando que a data de hoxe moitas das quendas de traballo do persoal non se chegan a cubriren, e aparecendo posteriormente contabilizados postos de traballo que non teñen persoal que exerza os seus labores.

Dentro dun plano máis técnico, no que a incendios forestais se refire, atopámonos nos últimos anos con novos tipos de lumes de elevados riscos, tanto para bens materiais como perigoso para as vidas humanas, tal e como son os lumes de interface, con ameaza para persoas e bens, así como os lumes de quinta

xeración, que superan a capacidade e extinción producindo simultaneidade de lumes de interface.

Coa aparición dun tipo de combustíbel preponderante no espazo rural como é o "arbustivas", ligado ao despoboamento do rural e un modelo de desenrolo urbano nada axeitado, atopámonos diante dunha tipoloxía de incendio que combina a perigosidade do incendio urbano e do forestal.

Non se trata de incendios forestais nos que na maioría dos casos se fale de perdas ambientais e sociais, nos lumes de interface a maiores disto impleméntanse os perigos que conlevan a presenza de poboación. Si antes na maioría dos casos nos atopabamos lumes que ían do pobo cara os montes, agora vemos acotío como a dirección é a contraria, ou sexa, do monte cara os pobos.

Reiteramos na necesidade de que o SPDCIF pase a formar parte do dispositivo de protección civil , servizo para o cal deberá estar como até o de agora, dispoñíbel durante todo o ano, as 24 horas do día, e para elo é preciso e necesario contar con funcións de emerxencia, en base ao citado na Lei 17/2015, funcións que até o de agora non se realizan, agás as de extinción de incendios forestais.

No que á parte económica se refire, tal e como recolle a propia memoria de xustificación funcional e económica da Consellería do Medio Rural, elaborada para a modificación da RPT da consellería de cara á creación dos postos de reforzo no verán do SPDCIF, o incremento de gasto anual para poder contratar durante nove meses aos 436 traballadores e traballadoras é de 6.685.352€. Un gasto, que debe considerarse asumíbel, incluso o noso grupo estaría disposto a propoñer as partidas a modificar para facelo posible.

Diante do argumento da falta de fondos para ampliar a contratación, podemos demostrar como a Xunta de Galicia tenta ampliar a data de hoxe as contratación en temo e número de brigadas helitransportadas por un montante superior ás

cifras que vimos de expoñer, aumentando o tempo de traballo só ás brigadas helitransportadas privadas para facer prevención mentres manda o persoal do SPDCIF fixo descontinuo ao paro.

Con isto, non estamos a plantexar que os medios aéreos sexan innecesarios, é evidente que o seu emprego de forma axeitada é fundamental, pero mentres ás propias brigadas helitransportadas do dispositivo público se lles chega a retirar o helicóptero un mes antes da finalización do contrato da brigada, nas contratadas á empresa INARER incrementouse nos últimos anos a duración do tempo de traballo incluíndo como nova tarefa a prevención, feito que no V convenio colectivo –a prevención- se establecía como obxectivo no medio prazo para o persoa do SPDCIF, así, ao aumentar progresivamente as actividades de prevención melloraríase o tempo de permanencia e as condicións laborais do SPDCIF.

Porén, a nosa argumentación avoga, como explicamos a continuación, por un urxente cambio de modelo.

Os peores anos até o de agora en canto a lumes en Galicia foron no período 1991-2005, onde a superficie queimada por incendio forestal non superou as 3 Has/lume (Fonte- área de defensa contra incendios forestais do Ministerio de Medio Ambiente), con medias de lumes por ano que acenderon aos 10.000 incendios, chegando a picos de 15.000 nalgún deles. Neste período, a composición do dispositivo de prevención e extinción contra incendios estaba conformada maioritariamente polo SPDICIF, o cal supoñía un 84% do total. O seguinte período, que nos levou ata o 2009 xa comezou a diminuír o peso do SPDCIF no total do dispositivo, deixándoo nun 67%. Coa introdución do novo modelo do PP logo do ano 2009, continuou minguando o peso específico do SPDCIF dentro do total como dispositivo, chegando ao actual 38%.

O noso plantexamento baséase na eficacia do modelo; coa actual atomización do dispositivo atopámonos dúas circunstancias importantes. A primeira é unha boa nova, o número de lumes reduciuse a máis da metade, pero pola contra a superficie queimada por incendio, elevouse até as 6,4 Has/ lume, polo tanto atopámonos diante do paradoxo de que con menos lumes arde máis superficie por incendio.

Este análise introduce unha nova variante que é un novo tipo de lume de alta perigosidade e elevada velocidade de propagación, e polos datos aportados, percíbese perfectamente que o modelo atomizado é moito menos eficaz que o modelo único público e autonómico, composto maioritariamente polo actual SPDCIF.

Analizando o que ocorreu no ano 2016, observamos unha redución radical do número de lumes, arredor de 2.200 incendios forestais, onde arderon máis de 22.500 Has, sendo a superficie queimada por incendio de 10,2 Has/lume. Estes datos lévannos a conclusión de que o sistema pode colapsar facilmente mantendo o modelo actual.

Que ocorrería a data de hoxe si por desgraza volveramos ás cifras da década anterior onde se chegaba con facilidade a rebasar os 10.000 lumes/ano? A resposta condúcenos a un desastre medioambiental e social de gravísimas consecuencias.

Polo tanto, aportamos argumentos técnicos e facemos unha proposta clara, no senso de trocar este modelo por outro baseado nun só dispositivo, consistente no actual SPDCIF, onde recupera peso específico o binomio autobomba/brigada fronte ao excesivo uso de medios aéreos que son necesarios pero non tan eficaces.

Dende o punto de vista económico, a contratación directa de persoal polo dispositivo público de prevención e defensa contra incendios forestais é máis económico que calquera das outras empresas que veñen participando nas tarefas de extinción nos derradeiros anos (Tragasa, Seaga, Natutecnia...). O prezo por hora, unha vez contabilizado vehículo máis equipo de protección individual é, no caso do SPDDCIF de 18,28€, por contra, pola empresa SEAGA ascende a 19,44€, e por Tragsa aumenta a cantidade de 22,56€ .

Tanto por argumentos técnicos coma por económicos non ten sentido manter o actual modelo, para o cal propomos, tal e como detallamos anteriormente, o retorno ao modelo baseado nun SPDCIF forte onde se incentive a formación ao persoal e se procure unha estabilidade laboral para garantir un traballo digno, e así volver a ser o servizo de referencia dentro do estado.

A precariedade laboral á que están sometidos os traballadores e traballadoras contratados, cos tempos e modalidades existentes neste momento, aumenta co simple paso do tempo. É escandaloso que a propia Administración pública fomente estes contratos escravos e miserentos, non garantindo o básico para poder manter unhas condicións de vida digna. Logo de catro anos dende a derradeira modificación da RPT da Consellería o persoal empregado recibe un salario inferior ó 75% do SMI, feito que a Administración autonómica galega non debería permitir máis aló de situacións sumamente excepcionais, caso que consideramos no é o que agora nos ocupa.

Cremos que as condicións que deron lugar a esta modificación da RPT mudaron e non ten sentido manter máis temo estes contratos precarios.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 12:57
Nº Rexistro: 27470
Data envio: 07/03/2018 12:57:59.593

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

O Parlamento Galego insta a Xunta de Galicia a que proceda á modificación da actual Relación de Postos de Traballo da Consellería de Medio Rural, no senso de que a duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (SPDCIF) se incremente sobre os 3 meses actuais, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras, persoal laboral fixo descontinuo, ampliando a súa relación contractual a un total de nove meses.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2018

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez, Ado.: Luís Villares Naveira

Paula Quinteiro Araujo, Voceiro do G.P. de En Marea.

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 07/03/2018 12:55:48

Paula Quinteiro Araújo na data 07/03/2018 12:55:57

Luis Villares Naveira na data 07/03/2018 12:56:05

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27479
Data envio: 07/03/2018 16:14:04.836

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, José Manuel Pérez Seco** e **Abel Losada Álvarez,** a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

Exposición de motivos

Nos últimos anos, o Camiño Portugués a Compostela ten incrementado notablemente o número de peregrinos que pasan pola cidade de Pontevedra, facendo desta infraestrutura un motor fundamental para o noso desenvolvemento turístico, cultural e económico.

No ano 2017 chegaron a Pontevedra 67 000 peregrinos e 14 000 fixeron uso do actual albergue público. Cifras que se incrementan cada ano e que, segundo todas as previsións, seguirán a incrementarse de xeito moi importante ata o vindeiro Xacobeo, no ano 2021. Estes datos amosan tamén dúas das principais carencias que Pontevedra ten en relación coas oportunidades de xeración de emprego e riqueza que ofrece o Camiño Portugués:

1. Incrementar o número de pernoctacións na cidade, pois só paran no albergue o 21 % dos peregrinos.
2. Ofertar un maior número de prazas deste tipo, pois as 56 camas que ofrece o actual albergue resultan claramente insuficientes. De feito, entre abril e outubro esta instalación está sempre chea, obrigando a rexeitar a multitude de persoas que inicialmente tiñan pensado facer noite na cidade e no verán se lles ofrezan como alternativa as instalacións do CEIP A Xunqueira I, que obviamente non reúnen as máis mínimas condicións de confort.
3. Sobrepasar a situación do actual albergue no entorno da estación de ferrocarril, un tanto afastado e situado á entrada da cidade.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27479
Data envio: 07/03/2018 16:14:04.836

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

No Concello de Pontevedra, co apoio da maioría de grupos da Corporación Municipal, aprobáronse nos últimos anos importantes obras de mellora urbana na traza do Camiño Portugués a Compostela, nomeadamente na Ponte do Burgo, proximamente peonalizada e rehabilitada grazas aos fondos DUSI da Unión Europea. Dentro deste proxecto de rehabilitación da ponte crearase unha praza pública na súa cabeceira Norte e adquiriranse as tres vivendas que nela se localizan, coa intención de conservalas e rehabilitalas nunha futura actuación, para destinalas a unha fin de uso público aínda non concretada. Este grupo parlamentario pensa que destinar esas tres vivendas a acoller o novo albergue de peregrinos sería unha opción razoable e viable.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a colaborar no financiamento necesario para a súa rehabilitación e posta en funcionamento como albergue de peregrinos, antes do Xacobeo 2021, das tres vivendas situadas na cabeceira Norte da Ponte do Burgo, entre esta e a rúa Xoán Manuel Pintos, tendo en conta en todo momento as necesidades de uso e suxestións indicadas pola "Asociación de Amigos do Camiño Portugués".

Pazo do Parlamento, 7 de marzo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
José Manuel Pérez Seco
Abel Losada Álvarez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:30
Nº Rexistro: 27479
Data envio: 07/03/2018 16:14:04.836

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo na data 07/03/2018 16:05:38

María Luisa Pierres López na data 07/03/2018 16:05:44

Jóse Manuel Pérez Seco na data 07/03/2018 16:05:49

Abel Fermín Losada Álvarez na data 07/03/2018 16:05:56

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/03/2018 16:06:00

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:46
Nº Rexistro: 27483
Data envio: 07/03/2018 16:46:35.671

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa dos seu deputado **Francisco Casal Vidal,** ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei, para o seu debate na Comisión 6.ª,** relativa á reversión ao público de concesións de centrais hidráulicas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os principais investimentos en aproveitamentos hidroeléctricos en España e en Galicia realizáronse ao longo do século XX. Hoxe estes son xa un sistema totalmente consolidado e efectivo de xeración de enerxía renovable. Esta enerxía representa, segundo os datos de Rede Eléctrica de España, un 20% da potencia instalada. Practicamente todos os investimentos realizados en aproveitamentos hidroeléctricos responden ao modelo «investimento-concesión». Así, a cambio do investimento privado outórgase aos promotores unha concesión de augas cunha duración de entre 50 e 75 anos. Ao finalizar este prazo, as instalacións deben reverter ao Estado. Esta particularidade confírelle á produción de enerxía hidroeléctrica un dobre carácter, esencialmente público. Por unha banda, a orixe da enerxía está na auga, que é un ben de dominio público. Xunto a iso, as instalacións teñen como fin último a reversión ao patrimonio público da Administración.

O modelo de investimento-concesión segue vixente para novos proxectos hidroeléctricos, como os denominados «saltos reversibles», nos que as empresas deben concentrar agora os seus proxectos de investimento. Outra das características da enerxía hidroeléctrica, é que xeralmente a súa produción xérase

en zonas deprimidas de montaña, rurais e inmersas nun proceso de despoboamento. E con todo a importante riqueza que se xera non repercute significativamente no territorio, un territorio obrigado a soportar as consecuencias que este tipo de infraestruturas traen consigo. Así, o asumir certas servidumes ou o risco potencial que levan algunhas instalacións non se traduce na reversión "tan necesaria" nestas zonas. Hoxe os prazos daquelas primeiras concesións están a finalizar. Pero obsérvanse disfuncións administrativas no proceso de reversión. Ademais xurdiu a demanda social de reverter ao interese público os beneficios que van volver ao Estado, e a necesidade de que estes xoguen un papel crave na transición enerxética e no desenvolvemento dos territorios que ven afectados os encoros.

En canto ás disfuncións administrativas cabe destacar a falta de dilixencia na tramitación dos expedientes de reversión. A primeira reversión dun salto hidroeléctrico en España non se produciu ata 2013 e chegou con atraso respecto da data de finalización do prazo de concesión. Están a darse casos nos que o Ministerio tarda dezaoito meses en tramitar a caducidade dos expedientes de reversión e deixa sen ditar a resolución final do procedemento. Esta falta de dilixencia permite que o concesionario siga explotando o salto hidroeléctrico e obtendo ingresos millonarios máis aló do prazo que lle outorga a concesión. Tamén debe destacarse a falta de políticas públicas unha vez se alcance a reversión do salto. Este queda baixo a xestión provisional do organismo de conca correspondente, pendente dun contrato de servizos ou concurso público de explotación. O modelo investimento-concesión xa non se adapta a estes saltos revertidos. Estes, que deben devolverse polo concesionario en adecuadas condicións de funcionamento, requirirán unha xestión técnica para a que se debería ir preparando a Administración pública sendo ademais os beneficios de titularidade pública revertidos nas zonas afectadas. De feito actualmente xa existen exemplos deste modelo de xestión a nivel estatal, autonómico e local. Ademais, tras diversas sentenzas condenatorias a empresas xestoras de centrais

hidroeléctricas pola manipulación da poxa eléctrica, faise necesario incluír nos pregos das concesións o cumprimento de consígnalas no operador do sistema para evitar os devanditos abusos e permitir unha maior penetración de enerxías renovables.

O tema clave é a falta de políticas na reversión de saltos. É necesario o deseño dunha política xeral de ámbito territorial en relación cos beneficios que xera un ben de dominio público como é a auga. Unha política que debe enfocarse a medio prazo, xa que os procesos de reversión de centrais sucederanse de forma progresiva durante as próximas décadas. Os destinatarios dos beneficios que xeran estas políticas de reversión deben ser os cidadáns, en primeiro termo, para a restitución económica e social dos territorios afectados polas instalacións hidroeléctricas. Deben contemplarse fins de utilidade pública ou interese social xeneral que melloren o benestar dos cidadáns en todos os ámbitos: social, cultural e de economía sustentable.

E non menos importantes son as cuestións ambientais que xorden na reversión, desde saltos que xa non son rendibles e son abandonados nos nosos ríos ata a necesaria adaptación dos saltos a novos caudais ecolóxicos.

No caso de Galicia desde hai décadas as compañías privadas xestionan en Galicia 148 centrais hidroeléctricas. Fano baixo o réxime de concesións, que empezaron xa a caducar nalgúns casos. Nos próximos dez anos o prazo de permiso para explotar os ríos galegos terminarase en 15 saltos de auga, e en 4 deles xa o fixo recentemente. Pero nin a Xunta nin o Goberno central se plantexan, de momento, xestionar publicamente estas centrais para que os seus beneficios revertan na sociedade.

En Galicia dúas confederacións hidrográficas, a do Miño-Sil, dependente do Goberno central, e a de Galicia-Costa, da Xunta, son os organismos responsables

das concas da comunidade. Ambas non se manifestan sobre os seus plans futuros para os saltos aos que lles vaia caducando a concesión.

O primeiro a tramitar é o prazo de extinción da concesión. As seguintes tramitacións deberían estar xa realizadas ou en proceso:

Na Confederación do Miño-Sil: a central minihidráulica de Enviande (río Enviande); A central De Castro Caldelas (río Edo); A central de Castadón Hervidoiro (río Loña); a central de Vilachán (río Vilachán) e a central de Cabo (río Deva).

Na de Galicia-Costa: as de AH Fervenzas (río Vexo), CH Gümil (río Lambre) e CH Castelá (río Mandeo).

A lexislación obriga a realizar durante este trámite un informe para determinar se as instalacións seguen sendo viables e poderían continuar aproveitándose.

As 15 concesións que caducaron ou o farán nos próximos 10 anos en Galicia son minicentrais. Non é o caso da central de Os Peares con concesión desde o ano 1910 que xa debería ser revertida á propiedade pública, pero en 2009 o Goberno do partido socialista decidiu blindar a Gas Natural Fenosa para que puidese seguir explotando ata 2059 esta central.

Ante todo o exposto e considerando que o Goberno da Xunta de Galicia debe intervir e a este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1.- Que os expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos en Galicia-Costa se tramiten sen atrasos e sen caducidades por parte de Augas de Galicia e outros organismos con competencias.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:46
Nº Rexistro: 27483
Data envio: 07/03/2018 16:46:35.671

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

2.- Facer as xestións necesarias ante o Goberno do Estado para que os expedientes de reversión de saltos hidroeléctricos na Confederación Miño-Sil se tramiten sen atrasos e sen caducidades.

3.- Que unha vez revertidos os saltos hidroeléctricos, a súa xestión pase a ser de titularidade pública da Comunidade Autónoma de Galicia, con criterios de vertebración territorial, e os beneficios sexan a favor de municipios e da comunidade autónoma de Galicia.

4.- Facer as xestións necesarias ante o Goberno do Estado para incrementar os controis que eviten que os saltos hidroeléctricos sexan utilizados co fin de provocar alzas do prezo da enerxía eléctrica, como sucedeu por parte de empresas de xeración eléctrica, de acordo a expedientes sancionadores emitidos pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, e que foi obxecto de investigación xudicial tras denuncia da Fiscalía Anticorrupción.

5.- Facer as xestións necesarias ante o Goberno do Estado para que os saltos hidroeléctricos revertidos deban adaptarse aos novos caudais ecolóxicos que establecen os plans hidrolóxicos.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018.

Asdo.: Francisco Casal Vidal, Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea. Voceiro do G.P. de En Marea.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/03/2018 16:46
Nº Rexistro: 27483
Data envio: 07/03/2018 16:46:35.671

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 07/03/2018 16:43:27

Luis Villares Naveira na data 07/03/2018 16:43:38

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 10:13
Nº Rexistro: 27545
Data envio: 08/03/2018 10:13:56.767

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia,** por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Abel Losada Álvarez, Xoaquín Fernández Leiceaga, José Manuel Pérez Seco, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Exposición de motivos

A política enerxética dos gobernos do Partido Popular, tanto en Galicia como en España tense caracterizado por unha continua incerteza nos obxectivos a acadar, o que sen dúbida dificulta as distintas decisións empresariais.

Na dinámica de publicidade e propaganda a que nos ten acostumados o goberno galego, o 31 de xaneiro do 2015, fai mais de tres anos, o Consello de Gas Natural Fenosa, acordou adaptar a Central para reducir as emisións e seguir funcionando máis alá do 2020, acordo tomado na Cidade da Cultura de Santiago e presidido por D. Salvador Gabarró, acordo que comunicou ó presidente da Xunta D. Alberto Núñez Feijóo.

Sen embargo, máis de tres anos despois, noticias de prensa afirman que se sigue sen despexar o futuro desta central. O conselleiro delegado de Gas Natural D. Rafael Vilaseca, deixou no aire o futuro da Central Térmica máis alá de 2020 ó asegurar que aínda non se tomaron decisións sobre a execución ou non das millonarias obras de adaptación para reducir as emisións que a empresa está obrigada a realizar si quere manter abertas as instalacións despois do 2020.

Responsables da empresa sinalan recoñecen que se trata dunha decisión empresarial ligada á evolución do marco regulatorio nacional e ós prezos das materias primas, recoñece que para Gas Natural é unha central moi importante en termos de planificación estratéxica.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 10:13
Nº Rexistro: 27545
Data envio: 08/03/2018 10:13:56.767

O mercado eléctrico está mudando moito, e parece que as circunstancias económicas non son demasiado favorables, xa que o prezo do carbón importado encareceuse e isto reduce a marxe da eléctrica.

Estamos falando dunha instalación estratéxica para Cerceda e a comarca, xa que a central termoeléctrica da traballo a 200 persoas, 100 na empresa principal e 100 nas auxiliares, ademais de todos os postos indirectos, e os impostos municipais que abona no concello no que se asenta.

Tendo en conta todo o anterior, os socialistas entendemos que é necesario que a Xunta de Galicia que utilizou a Gas Natural como elemento publicitario, se comprometa agora coa defensa da rendibilidade económica e da rendibilidade social da instalación; e actúe, tanto ante a empresa, como ante a administración do Estado, para impulsar a decisión de adaptación da central térmica de Meirama á Directiva Europea.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia:

1. Utilizar tódolos mecanismos dos que dispoña para que Gas Natural-Fenosa desenvolva as inversións necesarias para cumprir ca Directiva de Emisión, que acordaron no Consello da Cidade da Cultura e anunciaron ó Goberno de España e que garante o funcionamento da central máis alá do 2045.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 10:13
Nº Rexistro: 27545
Data envio: 08/03/2018 10:13:56.767

2. Demandar ao Goberno de España que favoreza; a través do establecemento dun marco regulatorio claro, e apoiando os programas de axudas para a transición enerxética, que a central térmica de Meirama se adapte ao novo marco da Directiva Europea.

Pazo do Parlamento, 8 de marzo de 2018

Asdo.: Abel Losada Álvarez
José Manuel Pérez Seco
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Patricia Vilán Lorenzo
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Deputado - portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 08/03/2018 10:12:57

Jóse Manuel Pérez Seco na data 08/03/2018 10:13:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/03/2018 10:13:10

Patricia Vilán Lorenzo na data 08/03/2018 10:13:13

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 08/03/2018 10:13:18

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/03/2018 11:25
Nº Rexistro: 27552
Data envio: 08/03/2018 11:25:22.551

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Luis Bará Torres** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate en Comisión**, sobre a praza de pediatría do centro de saúde de Escairón, no Concello do Saviñao, e as medidas que debe adoptar a Xunta para garantir a prestación do servizo.

